**ANUNCIO**

**PUBLICACIÓN DA RESOLUCIÓN PROVISIONAL E APERTURA DE PRAZO DE ALEGACIÓNS E EMENDAS (do 1 ao 15 de decembro, ámbolos dous incluídos)**

**PROCEDEMENTO: SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO EMPREGO MEDIANTE O IMPULSO DA ACTIVIDADE ECONÓMICA NO TERMO MUNICIPAL DE PONTEDEUME, PARA PALIAR OS EFECTOS DO COVID-19: LIÑA DE AXUDAS PARA AUTÓNOMOS/AS OBRIGADOS A SUSPENDER A APERTURA AO PÚBLICO SEGUNDO R.D. 463/2020 DE 14 DE MARZO**

DECRETO DA ALCALDÍA Nº 689 DO 27/11/2020 (EXP. Nº 2020/G003/000758)

DON BERNARDO FERNÁNDEZ PIÑEIRO ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Á vista do Informe-proposta de resolución provisional de data 25 de novembro de 2020, emitido polo instrutor do procedemento e cuxos antecedentes e consideracións legais, se transcriben literalmente deseguido:

*"INFORME-PROPOSTA DO INSTRUTOR*
*Exp. Nº 2020/A002/000005 (2020/G003/000310)*

*Procedemento: Convocatoria de axudas para o fomento do emprego mediante o impulso da actividade económica no termo municipal de Pontedeume, para paliar os efectos do COVID-19: Liña de axudas para autónomos/as obrigados a suspender a apertura ao público segundo o RD 463/2020, de 14 de marzo.*

*En cumprimento do disposto na norma 9.3, segundo parágrafo das bases reguladoras do procedemento de referencia, o instrutor do procedemento emite INFORME-PROPOSTA de resolución, con base nos seguintes:*

***<u>ANTECEDENTES</u>***

- *En data 21 de maio de 2020, aprobáronse por Decreto da Alcaldía nº 287/2020, as bases reguladoras e a convocatoria pública das axudas para o fomento do emprego mediante o impulso da actividade económica no termo municipal de Pontedeume, para paliar os efectos do COVID-19: Liña de axudas para autónomos/as obrigados a suspender a apertura ao público segundo o RD 463/2020, de 14 de marzo, que foron publicadas no BOP da Coruña, nº 75, do 28/05/2020 e na Base de datos nacional de subvencións (BDNS) con código de identificación nº 509008.*
- *Durante o prazo de presentación de solicitudes, que abrangueu do día 29/05/2020 ata o 26/06/2020, ámbolos dous incluídos, presentáronse 122 solicitudes. Non se presentou ningunha solicitude fóra do prazo establecido.*
- *En canto ás solicitudes recibidas, cómpre indicar que nalgunhas delas a persoa que se identifica como interesada, non é unha persoa física que actúe como empresario/a individual. Nese sentido, houbo solicitudes presentadas en nome de sociedades civís, comunidades de bens e sociedades de responsabilidade limitada. Así mesmo, detectouse que algunhas persoas, se ben indicaban estar actuando en nome propio, presentaron solicitudes de axuda por actividades desenvolvidas por medio dunha persoa xurídica ou dunha entidade sen personalidade xurídica.*
- *Durante a instrución do procedemento, enviáronse requirimentos de emenda ou de documentación incompleta ou defectuosa en relación coas solicitudes de axuda.*



FIRMADO POR Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 30/11/2020 12:05:00)
Versión imprimible
CVD: lNX7bqU64ujRxmP5UtTD
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

- *Unha vez recibida a contestación aos requirimentos, examinouse toda a documentación dispoñible para emitir o presente informe-proposta, en cumprimento do disposto na norma 9 das bases reguladoras.*

***<u>CONSIDERACIÓNS LEGAIS</u>***

***I. NORMATIVA DE APLICACIÓN***

  - *Bases reguladoras (BOP da Coruña, nº 75, do 28/05/2020)*
  - *Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Pontedeume (BOP da Coruña, nº 142, do 21/06/2008)*
  - *Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (en adiante, LXS)*
  - *RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (en adiante RLXS)*
  - *Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (en adiante, LSG)*
  - *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (en adiante, LPAC)*
  - *Calquera outra disposición normativa que, pola súa natureza, puidese resultar de aplicación.*

***II. PROPOSTA DE CONCESIÓN***

*● A baremación e os puntos para determinar a contía da axuda, están recollidos na norma 7 das bases reguladoras, que establece:*

*A valoración máxima por solicitante será de 10 puntos, de acordo coa seguinte posible puntuación:*

*a) 2 puntos por ter suspendida a actividade en base ao establecido no R.D. 463/2020, de 14 de marzo.*

*b) 2 puntos por un empregado por conta allea (non se valorarán xornadas inferiores a 20 horas semanais)*

*c) 4 puntos por 2 empregados por conta allea (non se valorarán xornadas inferiores a 20 horas semanais)*

*d) 5 puntos por 3 ou máis empregados por conta allea (non se valorarán xornadas inferiores a 20 horas semanais)*

*e) 1 punto por cada mes de mantemento da actividade (cun máximo de 3), a maiores dos tres meses que se recollen como obriga dos beneficiarios de mantemento da actividade no punto 9; no caso de puntuar nos apartados "b", "c" ou "d", deberá manterse a contratación de dito persoal.*

*O importe a percibir por beneficiario fixarase, co límite do crédito dispoñible, en base á puntuación resultante da aplicación dos baremos e do número de solicitudes presentadas, cun máximo de 600 euros por solicitude.*

*● Tendo en conta as normas 6 e 8 das bases, que recollen a documentación complementaria da solicitude, en relación cos compromisos baremables e a puntuación outorgada provisionalmente, cómpre efectuar as seguintes <u>aclaracións</u>:*

***Epígrafes b);c) e d) do baremo:*** *Algunhas persoas solicitantes non achegaron os contratos dos/das traballadores/as polos que solicitaron puntuar (segundo a*



FIRMADO POR Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 30/11/2020 12:05:00)
Versión imprimible
CVD: lNX7bqU64ujRxmP5UtTD
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*declaración responsable presentada), polo que non quedaría acreditado que as xornadas laborais sexan de 20 horas semanais ou máis.*

*Neste sentido, indícase quen deberá presentar obrigatoriamente os ditos contratos, como condición para obter os puntos correspondentes do baremo.*

***Epígrafe e):*** *Tendo en conta que nas bases reguladoras aparece nun único parágrafo, interprétase que aínda que non fose marcado expresamente o compromiso de manter a contratación do persoal, na declaración responsable achegada, vai implícito no compromiso de manter a actividade. De non ser así, poderán indicalo no prazo de alegacións e non obterían puntos por este epígrafe e).*

● *A norma 9.4 establece que a resolución provisional outorgará un prazo de alegacións ou emendas de 10 días hábiles desde a súa publicación.*

***III. SOLICITUDES DESESTIMADAS E DESISTIMENTOS***

● *As normas 4 e 5 das bases refírense a quen pode solicitar a subvención e aos requisitos que deben cumprir. Unha vez examinada toda a documentación achegada, resulta que algunhas persoas solicitantes non cumpren cos requisitos establecidos nas bases, principalmente polas seguintes causas:*

*Causa 1ª: Non ser o/a solicitante unha persoa física autónomo/a-empresario/a individual.*

*Causa 2ª: Non ter sido afectada a actividade desenvolvida polo peche de establecementos disposto no RD 465/2020, de 17 de marzo, que modifica o artigo 10 do RD 463/2020, de 14 de marzo. A estes efectos, tívose en conta o código CNAE indicado no Anexo I pola persoa solicitante. Agora ben, tendo en conta que un mesmo código permite a realización de varias actividades, durante o prazo de alegacións poderá achegar documentación que acredite que a actividade realizada, ten encaixe entre as actividades suspendidas polo dito real decreto.*

*Causa 3ª: Non estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Facenda estatal (AEAT), autonómica e local, e coa Tesourería Xeral da Seguridade Social. Este requisito debe cumprirse desde a data de presentación da solicitude ata a data do pagamento da subvención.*

*Causa 4ª: Solicitar máis dunha axuda para o mesmo establecemento. Neste suposto enténdese que terá validez a primeira das solicitudes presentadas, quedando excluídas a seguinte e sucesivas, agás declaración noutro sentido asinada por tódalas persoas interesadas.*

● *Por outra banda, a norma 9 das bases prevé que aquelas persoas solicitantes que non cumpran co requirimento efectuado en tempo e forma, entenderanse desistidas da súa solicitude.*

*Para estes supostos a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC) establece:*

*Artigo 68. Emenda e mellora da solicitude.*

*1. Se a solicitude de iniciación non reúne os requisitos que sinala o artigo 66, e, no seu caso, os que sinala o artigo 67 ou outros exixidos pola lexislación específica aplicable, requirirase ao interesado para que, nun prazo de dez días, emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos, con indicación de que, si así non o fixese,*

FIRMADO POR Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 30/11/2020 12:05:00)
Versión imprimible
CVD: lNX7bqU64ujRxmP5UtTD
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

RUA REAL, 13 – 15.600 PONTEDEUME (A CORUÑA)
CIF P-1507000 F –Nº REELL 01150695
TELÉFONO 981 43 30 54 – FAX 981 43 33 68 - www.pontedeume.gal

*teríase por desistido da súa petición, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21.*

*E o artigo 21 LPAC dispón:*

*1. A Administración está obrigada a ditar resolución expresa e a notificala en todos os procedementos calquera que sexa a súa forma de iniciación.*

*Nos casos de [...] ou desistimento da solicitude, [...], a resolución consistirá na declaración da circunstancia que concorra en cada caso, con indicación dos feitos producidos e las normas aplicables.*

***IV.** A contía total das axudas cuxa concesión se propón ascende a 22.680,00€ e non supera o límite do crédito dispoñible de 50.000€."*

Visto o informe de referencia de 245/2020, asinado o 26/11/2020, que se xunta ao expediente,

Tendo en conta que o artigo 88.6 LPAC dispón que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación cando se incorpore ao texto da mesma.

En uso das atribucións que me confire o artigo 21 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, consonte dispón a norma 9 das bases reguladoras deste procedemento,

**RESOLVO:**

**PRIMEIRO**.- Aprobar a proposta de acordo elevada polo órgano instrutor, e, na súa virtude, dito a seguinte **RESOLUCIÓN PROVISIONAL:**

**1.1.-** RECOÑECER ás seguintes persoas como beneficiarias da axuda polo importe que se indica, segundo a puntuación obtida consonte o baremo.

| DNI/NIE | REXISTRO ENTRADA | NORMA 7. a) | NORMA 7. e) | NORMA 7. b), c), d) | TOTAL PUNTOS | IMPORTE |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ***6542** | 202099900000442 | 2 | 3 | | 5 | 300 € |
| ***2150** | 202099900000455 | 2 | 3 | | 5 | 300 € |
| ***8315** | 202099900000448 | 2 | 3 | | 5 | 300 € |
| ***0102** | 202099900000449 | 2 | 3 | | 5 | 300 € |
| ***0890** | 202099900000450 | 2 | 3 | | 5 | 300 € |
| ***0786** | 202099900000451 | 2 | 3 | 5 | 10 | 600 € |
| ****2682 | 202099900000452 | 2 | 3 | | 5 | 300 € |
| ***0873** | 202099900000453 | 2 | | | 2 | 120 € |
| ***4285** | 202099900000456 | 2 | 3 | | 5 | 300 € |
| ***3518** | 202099900000457 | 2 | 3 | | 5 | 300 € |
| ***0564** | 202099900000459 | 2 | 3 | | 5 | 300 € |
| ***0029** | 202099900000461 | 2 | 3 | | 5 | 300 € |
| ***3554** | 202099900000463 | 2 | 3 | | 5 | 300 € |
| ***1203** | 202099900000473 | 2 | 3 | | 5 | 300 € |
| ***3865** | 202099900000431 | 2 | 3 | | 5 | 300 € |
| ***8836** | 202099900000432 | 2 | | | 2 | 120 € |
| ***4885** | 202099900000434 | 2 | 3 | | 5 | 300 € |
| ***1220** | 202099900000435 | 2 | 3 | | 5 | 300 € |



FIRMADO POR Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 30/11/2020 12:05:00)
Versión imprimible
CVD: lNX7bqU64ujRxmP5UtTD
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

| DNI/NIE | REXISTRO ENTRADA | NORMA 7. a) | NORMA 7. e) | NORMA 7. b), c), d) | TOTAL PUNTOS | IMPORTE |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ***4095** | 202099900000439 | 2 | 3 | | 5 | 300 € |
| ***3995** | 202099900000441 | 2 | 3 | | 5 | 300 € |
| ***0267** | 202099900000475 | 2 | 3 | | 5 | 300 € |
| ***3902** | 202099900000477 | 2 | 3 | | 5 | 300 € |
| ***7990** | 202099900000478 | 2 | 3 | | 5 | 300 € |
| ***1068** | 202099900000484 | 2 | 3 | | 5 | 300 € |
| ***6749** | 202099900000489 | 2 | 3 | 2 | 7 | 420 € |
| ***0111** | 202099900000498 | 2 | 3 | 2 | 7 | 420 € |
| ***5258** | 202099900000506 | 2 | 3 | | 5 | 300 € |
| ***9547** | 202099900000511 | 2 | 3 | | 5 | 300 € |
| ***6701** | 202099900000529 | 2 | 3 | 5 | 10 | 600 € |
| ***1222** | 202099900000530 | 2 | 3 | 5 | 10 | 600 € |
| ***1871** | 202099900000532 | 2 | 3 | 2 | 7 | 420 € |
| ***1020** | 202099900000539 | 2 | 3 | 2 | 7 | 420 € |
| ***5965** | 202099900000540 | 2 | 3 | | 5 | 300 € |
| ***0885** | 202099900000542 | 2 | 3 | | 5 | 300 € |
| ***0277** | 202099900000552 | 2 | 3 | | 5 | 300 € |
| ***6723** | 202099900000468 | 2 | 3 | | 5 | 300 € |
| ***0590** | 202099900000565 | 2 | 3 | | 5 | 300 € |
| ***2710** | 202099900000572 | 2 | 3 | | 5 | 300 € |
| ***4306** | 202099900000576 | 2 | 1 | 2 | 5 | 300 € |
| ***1793** | 202099900000580 | 2 | 3 | | 5 | 300 € |
| ***9995** | 202099900000588 | 2 | 3 | 5 | 10 | 600 € |
| ***0437** | 202099900000589 | 2 | 3 | 2 | 7 | 420 € |
| ***0112** | 202099900000599 | 2 | 3 | | 5 | 300 € |
| ***1374** | 202099900000614 | 2 | 3 | | 5 | 300 € |
| ***4387** | 202099900000652 | 2 | 3 | | 5 | 300 € |
| ***9313** | 202099900000664 | 2 | 3 | | 5 | 300 € |
| ***3867** | 202099900000665 | 2 | 3 | | 5 | 300 € |
| ***1714** | 202099900000666 | 2 | 3 | | 5 | 300 € |
| ***0579** | 202099900000670 | 2 | 3 | 2 | 7 | 420 € |
| ***7688** | 202099900000683 | 2 | 3 | 2 | 7 | 420 € |
| ***5562** | 202099900000682 | 2 | 3 | 5 | 10 | 600 € |
| ***5689** | 202099900000678 | 2 | 3 | 2 | 7 | 420 € |
| ***1078** | 202099900000675 | 2 | 3 | | 5 | 300 € |
| ***0776** | 202099900000674 | 2 | 3 | | 5 | 300 € |
| ***0577** | 202099900000676 | 2 | 3 | | 5 | 300 € |
| ***1075** | 202099900000677 | 2 | 3 | | 5 | 300 € |



FIRMADO POR Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 30/11/2020 12:05:00)
Versión imprimible
CVD: lNX7bqU64ujRxmP5UtTD
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

| DNI/NIE | REXISTRO ENTRADA | NORMA 7. a) | NORMA 7. e) | NORMA 7. b), c), d) | TOTAL PUNTOS | IMPORTE |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ***4118** | 202099900000679 | 2 | 3 | | 5 | 300 € |
| ***9011** | 202099900000680 | 2 | 3 | | 5 | 300 € |
| ***9464** | 202099900000690 | 2 | 3 | 5 | 10 | 600 € |
| ***0273** | 202099900000691 | 2 | 3 | | 5 | 300 € |
| ***0293** | 202099900000693 | 2 | 3 | | 5 | 300 € |
| ****9497** | 202099900000699 | 2 | | | 2 | 120 € |
| ***0198** | 202099900000700 | 2 | 3 | | 5 | 300 € |
| ***0724** | 202099900000711 | 2 | 3 | 4 | 9 | 540 € |
| ***1410** | 202099900000509 | 2 | 3 | 2 | 7 | 420 € |
| ***8879** | 202099900000497 | 2 | 3 | | 5 | 300 € |
| ***1627** | 202099900000465 | 2 | 3 | | 5 | 300 € |

**1.2.-** RECOÑECER ás seguintes persoas como beneficiarias da axuda polo importe que se indica, segundo a puntuación obtida consonte o baremo, suxeita á condición de presentar **obrigatoriamente** no prazo outorgado para alegacións ou emendas, os CONTRATOS DE TRABALLO dos traballadores polos que solicitaron puntuar. De non facelo, perderán os puntos outorgados provisionalmente en aplicación da NORMA 7 apartados b), c) e d) e reducirase a contía da axuda proposta no importe proporcional correspondente.

| DNI/NIE | REXISTRO ENTRADA | NORMA 7. a) | NORMA 7. e) | NORMA 7. b), c), d) | TOTAL PUNTOS | IMPORTE |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ***3709** | 202099900000444 | 2 | 3 | 5 | 10 | 600 € |
| ***1319** | 202099900000460 | 2 | 3 | 2 | 7 | 420 € |
| ***1691** | 202099900000520 | 2 | 3 | 5 | 10 | 600 € |
| ***6569** | 202099900000521 | 2 | 3 | 2 | 7 | 420 € |
| ***0568** | 202099900000613 | 2 | 3 | 4 | 9 | 540 € |

**1.3.-** DESESTIMAR as seguintes solicitudes por non cumprir os requisitos exixidos na convocatoria, pola causa de denegación que se indica.

| **DNI/NIE** | **REXISTRO ENTRADA** | **CAUSA DE DENEGACIÓN** |
|---|---|---|
| E70511597 (***9669**) | 202099900000482 | CAUSA 1ª |
| J70386206 (***6101**) | 202099900000597 | CAUSA 1ª |
| J15927221 | 202099900000454 | CAUSA 1ª |
| J70580998 | 202099900000458 | CAUSA 1ª |
| E15736671 | 202099900000438 | CAUSA 1ª |
| J70387873 | 202099900000494 | CAUSA 1ª |
| B70426200 | 202099900000527 | CAUSA 1ª |



FIRMADO POR Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 30/11/2020 12:05:00)
Versión imprimible
CVD: lNX7bqU64ujRxmP5UtTD
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

| DNI/NIE | REXISTRO ENTRADA | CAUSA DE DENEGACIÓN |
|---|---|---|
| B15235666 | 202099900000551 | CAUSA 1ª |
| B15482250 | 202099900000560 | CAUSA 1ª |
| B70028832 | 202099900000625 | CAUSA 1ª |
| E15915796 | 202099900000634 | CAUSA 1ª |
| B15405756 | 202099900000635 | CAUSA 1ª |
| B70421219 | 202099900000661 | CAUSA 1ª |
| B94181484 | 202099900000663 | CAUSA 1ª |
| B70433420 | 202099900000672 | CAUSA 1ª |
| B70331673 | 202099900000694 | CAUSA 1ª |
| B70139720 | 202099900000708 | CAUSA 1ª |
| J15907587 (***1015**) | 202099900000485 | CAUSA 1ª |
| ***0258** | 202099900000443 | CAUSA 2ª |
| ***8441** | 202099900000462 | CAUSA 2ª |
| ***0126** | 202099900000437 | CAUSA 2ª |
| ***0669** | 202099900000481 | CAUSA 2ª |
| ***4907** | 202099900000512 | CAUSA 2ª |
| ***9809** | 202099900000644 | CAUSA 2ª |
| ***1445** | 202099900000673 | CAUSA 2ª |
| ***6418** | 202099900000681 | CAUSA 2ª |
| ***1786** | 202099900000687 | CAUSA 2ª |
| ***0896** | 202099900000688 | CAUSA 2ª |
| ***1500** | 202090000000468 | CAUSA 2ª |
| ***1018** | 202099900000496 | CAUSA 3ª |
| ***1015** | 202099900000485 | CAUSA 3ª |
| ***5756** | 202099900000516 | CAUSA 3ª |
| ***1388** | 202099900000519 | CAUSA 3ª |
| ***1673** | 202099900000538 | CAUSA 3ª |
| ***0512** | 202099900000554 | CAUSA 3ª |
| ***0563** | 202099900000564 | CAUSA 2ª - CAUSA 3ª |
| ***6917** | 202099900000578 | CAUSA 3ª |
| ***3598** | 202099900000606 | CAUSA 3ª |
| ***1285** | 202099900000631 | CAUSA 3ª |
| ***6211** | 202099900000643 | CAUSA 2ª -CAUSA 3ª |
| ***4000** | 202099900000659 | CAUSA 3ª |
| ***7597** | 202099900000660 | CAUSA 3ª |
| ****2411* | 202099900000662 | CAUSA 3ª |
| ***1718** | 202099900000669 | CAUSA 3ª |
| ***0731** | 202099900000671 | CAUSA 3ª |



FIRMADO POR Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 30/11/2020 12:05:00)
Versión imprimible
CVD: lNX7bqU64ujRxmP5UtTD
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

| DNI/NIE | REXISTRO ENTRADA | CAUSA DE DENEGACIÓN |
|---|---|---|
| ***9216** | 202099900000689 | CAUSA 3ª |
| ***1575** | 202099900000704 | CAUSA 3ª |
| ****8077* | 202099900000692 | CAUSA 4ª (En relación co rexistro de entrada n.º.: 202099900000693 |
| ***1018** | 202099900000705 | CAUSA 4ª (En relación co rexistro de entrada n.º 202099900000704 |

**1.4.-** Declarar desistidas da súa solicitude de axuda ás seguintes persoas, por non ter contestado o requirimento efectuado en tempo e forma, segundo as bases reguladoras e a normativa vixente de aplicación.

| DNI/NIE | REXISTRO ENTRADA |
|---|---|
| ***3946** | 202099900000464 |
| ***9409** | 202099900000433 |

**1.5.-** O pagamento da axuda realizarase ata a contía máxima xustificada correctamente consonte a norma 6 das bases e sempre co límite do importe concedido na resolución definitiva de concesión.

**1.6.-** As persoas beneficiarias desta axuda deberán cumprir coas obrigas establecidas polas bases reguladoras e demais normativa de aplicación, en especial coa norma 11 das bases e o artigo 14 LXS. O incumprimento das anteditas obrigas será causa do reintegro total ou parcial da subvención, nos termos establecidos nas bases reguladoras e na LXS.

**SEGUNDO.-** ORDENAR A PUBLICACIÓN desta resolución provisional no Taboleiro da Sede Electrónica do Concello de Pontedeume e CONCEDER UN PRAZO DE ALEGACIÓNS OU EMENDAS DE 10 HÁBILES, contados a partir do día seguinte á dita publicación. Esta resolución provisional tamén será publicada na páxina web municipal a efectos informativos.

**TERCEIRO.-** Dar traslado aos departamentos de Intervención e Tesourería para os efectos oportunos.

**CUARTO.-** Dar conta ao Pleno da corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, por lo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

En Pontedeume, asinado dixitalmente o día 30 de novembro polo Sr. Alcalde D. Bernardo Fernández Piñeiro.

FIRMADO POR Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 30/11/2020 12:05:00)
Versión imprimible
CVD: lNX7bqU64ujRxmP5UtTD
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.